



YSABEL JACOBS, GANDEIRA E XUÍZA INTERNACIONAL



En Vaca.tv

"Antes de gañar, é necesario perder moitas veces"

Falamos con Ysabel Jacobs tras o xulgamento do concurso Usías Holsteins, celebrado no mes de outubro na localidade cordobesa de Dos Torres, para coñecer máis de cerca os segredos da súa explotación, a canadense Ferme Jacobs (Cap-Santé, Quebec), unha das mellores granxas do mundo en canto á calidade morfolóxica dos animais.

É a primeira vez que xulga un concurso frisón en España. Como foi a experiencia?

Perfecta, impresionante. Hai moita xente e todos transmiten moita alegría. Creo que, dende o punto de vista xenético, teñen unha boa base para participar en concursos. Hai o mesmo nivel que podo ver en xeral en Europa.

Coa súa granxa, Ferme Jacobs, bateu recentemente unha marca: conseguir oito veces o título de mellor criador no concurso da World Dairy Expo, de Madison (EE. UU.). Ademais, logrou en 2018 os galardóns

de vaca gran campiona no certame da WDE e da Royal Winter Fair, de Toronto (Canadá), con dúas friso-nas diferentes. Cal é o segredo?

Penso que temos un grande equipo. Os meus pais, o meu irmán e mais eu somos uns apaixonados das boas vacas, das vacas balanceadas, e levamos traballando niso desde moi novos. Eu participei en concursos desde que tiña catro ou cinco anos, levo intentándoo unha e outra vez durante moitos anos. Sempre lle digo o mesmo á xente: antes de gañar, é necesario perder moitas veces. Perdendo é como se aprende.

Para estar aí, hai que practicar moito e é preciso un grande equipo ao redor. Nós somos moi estritos coa dieta, coas horas de muxido, coas vacas... Queremos velas o máis perfectas posible e practicamos moito na casa antes de chegar aos concursos. Hai moito traballo de antes.

Somos apaixonados das familias de vacas, non queremos ter a mellor vaca da pista, senón conseguir a vaca máis balanceada que puidésemos imaxinar. Hai vacas que necesitan tres ou catro anos para comezar a gañar e outras que é chegar e arrasar.

Todo se resume en intentalo unha e outra vez. É unha paixón que temos e levamos traballando niso moitos anos.

Cales son os criterios de selección xenética utilizados en Ferme Jacobs?

Buscamos touros balanceados, non touros extremos. Queremos vacas con boas familias, alta produción e recontos de células somáticas baixos, porque é moi importante ter vacas con RCS baixos para a calidade. Tamén somos estritos coas grupas.

Utiliza touros xenómicos ou prefire os touros probados e as familias de vacas?

Utilizamos ambos os criterios. Agora estamos a utilizar a xenómica como unha ferramenta máis, pero comprobamos sempre os touros que hai detrás, as familias e as nais. Sempre miramos ambas as cousas. Non queremos ir demasiado rápido porque para nós criar unha vaca balanceada non é unha carreira. Estamos a introducir a xenómica, pero sempre asegurándonos de que existe unha boa familia detrás como soporte.

► “QUEREMOS VACAS CON BOAS FAMILIAS, ALTA PRODUCCIÓN E RECONTOS DE CÉLULAS SOMÁTICAS BAIXOS”

En canto ao manexo, é habitual ver no Canadá as vacas con estabulación fixa, non libre. Como mantén os seus animais e por que?

A metade do rabaño está en estabulación libre e a outra metade, atada. Temos estabulación fixa porque era o que había. A outra metade está libre, porque cando quixemos ampliar, o máis fácil foi facelo así, libre. Todas as vacas de concurso están en boxes conxuntos de dez ou doce animais, só as pómo en estabulación fixa para o muxido, porque é un sistema máis cómodo e máis limpo.

Ademais, para nós é importante telas en grupos porque socializan e compiten entre elas pola comida. É por todo iso polo que nos gusta telas xuntas.

O prezo do leite no Canadá é dos máis altos do mundo e continúades traballando cun sistema de cotas. Por que cre que se logra?

Temos un prezo alto, pero tamén temos unha cota que manter. Para que se poidan facer unha idea, por cada vaca e media pagamos uns 5.000 euros de cota. Entón, a nosa situación depende de como se conte. Se se ten en conta a cota que temos que soportar, case temos o mesmo prezo que en España.

Creo que se conservará, aínda que iso é sempre unha decisión do Goberno. Creo que é bo continuar coas cotas para que os gandeiros poida-

mos recibir o diñeiro necesario para conservar todo limpo, soste as terras e subministrar o país. Sucede de maneira similar aquí, coa Cooperativa de Valle de los Pedroches (Covap). Se na miña visita entendín ben, a Covap tamén fixa unhas cotas de produción. É unha grande oportunidade. Debería ser esta a maneira de traballar porque os prezos caen cando existen gandeiros que desbordan o mercado. Se isto non se frea, nunca se solucionará o problema.

O sector gandeiro no Canadá conta cun gran recoñecemento social, sénteo así?

No Canadá a xente admira os bos criadores e os gandeiros queren ter boas vacas e bos rabaños.

Ademais, é un sector que sempre estivo apoiado polas asociacións, o que axuda moito. Creo que debemos recoñecer os bos gandeiros porque as vacas boas son boas produtoras, son lonxevas e van ser boas sempre.

É certo que a sociedade está orgullosa do sector. ■

A familia Jacobs, con Jacobs Lautherity Loana (gran campiona da World Dairy Expo 2018) e Jacobs Windbrook Aimó (gran campiona da Royal Winter Fair 2018)



Ferme Jacobs logrou alzarse no último certame da Royal Winter Fair, celebrado a principios de novembro, co premio de mellor criador



**¿Te consideras una persona con talento y motivada?
¿Estás interesado en unirse a una empresa internacional?**



Si la respuesta es «Sí», por favor, mándanos tu CV a ABSProgenex.recruitment@genusplc.com. Tenemos algunas interesantes oportunidades en ABS Progenex para cubrir puestos de Técnico de Ventas en Asturias y Galicia.

Si deseas desarrollar tu carrera en el campo de la genética bovina, ¡a qué esperas para unirte al equipo de ABS Progenex!

*Para más información visita: <https://www.linkedin.com/company/abs-progenex>